

ACTA

MIGUEL RODRIGUEZ DE VICENTE-TUTOR (1 para 2)
SECRETARIO
Data de Sinatura: 16/10/2019
HASH: 14cb0f7ce839ab85ef4f173dfbe962f

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2019/25	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	1 de outubro de 2019
Duración	Desde as 14:10 ata as 14:45 horas
Lugar	SALA DE XUNTAS
Presidida por	Fátima Abal Roma
Secretario	MIGUEL RODRIGUEZ DE VICENTE-TUTOR

ASISTENTES: D. Constantino Cordal Rodríguez, D. Samuel Lago Ozón, D. Xurxo Charlín Trigo e D^a M.^a Cruz Leiro Peña.

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

1.- Expediente 3234/2019. Comunicación previa.- Conexión rede saneamento en Revolta, 46 - Castrelo (Promotora: P██████ P██████ G██████)

Rf^a Catastral: 36006A028010590001PL

Consta licenza de primeira ocupación outorgada pola Xunta de Goberno Local en sesión de 03.03.2008

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal, de data 22/08/2019, que se emite en sentido favorable, a Xunta de Goberno Local, de acordo co artigo 146.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, toma razón da comunicación previa anterior e declara completa a documentación presentada.

2.- Expediente 4602/2018. Licenzas Urbanísticas.- Vivenda unifamiliar en Rúa Corniña (Promotor: B██████ M██████ C██████)

1.PETICIONARIO: B██████ M██████ C██████

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2019-0027 Data: 16/10/2019



Cod. Validación: ██████████ | Corrección: <http://cambados.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 5



2.OBXECTO DA OBRA: Vivenda unifamiliar
3.LUGAR DAS OBRAS: Rúa Corniña 10, Cambados

4.NÚMERO DE EXPEDIENTE: 4602/2018
5.DATA DA SOLICITUDE: 19.10.2018

Consta acordo da Xunta de Goberno Local de 27.10.2014 outorgando licenza a Benito Mouta Chaves para vivenda en planta baixa na Rúa Corniña (RC 5978013NH1057N0001QT)

Consta proxecto reformado de básico e de execución de vivenda unifamiliar en planta baixa para adición de planta redactado polo Arquitecto Fernando Vázquez Abal visado o 16.10.2018

Dirección de Obra: Felipe Vázquez Abal (Arquitecto Técnico)

Emitiuse informe do Arquitecto Municipal de 13.12.2018, favorable

Informe de Secretaría, favorable, de 30.09.2019

De acordo cos informes técnico e xurídico a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros acorda:

Conceder licenza municipal de obra maior a Benito Mouta Chaves para adición de planta en vivenda unifamiliar na Rúa Corniña 10 (Cambados) de acordo co proxecto redactado polo Arquitecto Fernando Vázquez Abal visado o 16.10.2018

Outros datos do expediente:

- a) Clasificación urbanística do solo: Ordenanza 1: Solo urbano de edificación familiar en ringleira
- b) Orzamento: 22.500,00 €
- c) Ocupación: < 50 % (46,94 %)
- d) Parcela: 206,50 m²
- e) Altura: < 7.00 m (6,62 m)
- f) Edificabilidade: < 0,70 m²/m² (0,699 m²/m²)
- g) Uso: Vivenda Familiar

Condicións:

Deberá cumprir as seguintes condicións, ademais das xerais que se especifican na correspondente notificación e nas condicións da propia solicitude.

- a) Dirección de Obra: Felipe Vázquez Abal (Arquitecto Técnico)
- b) Solicitaranse as condicións de conexión aos servizos públicos de auga e saneamento municipal, incorporándoas ao proxecto de execución.
- c) A alineación axustarase á establecida nos planos das NN.SS.MM. de Cambados, planos de xestión e ordenación a escala 1/1000.
- d) Deberá dispoñer a pé de obra o cartel indicador da Licenza Municipal e técnicos directores, prazo e construtor, usos, ordenanza, data de licenza, prazo de execución e nº de plantas de acordo co Art. 59 da Ordenanza Municipal de Obras.
- e) O inicio queda supeditado á entrega da copia do Padrón do I.A.E. do contratista que execute a obra e a autorización de instalación de grúa, se é necesaria para as obras solicitadas.
- f) Deberá dispoñer na obra da Licenza e o Proxecto Selado polo Concello a disposición dos funcionarios municipais, para o cal deberá entregar unha segunda copia idéntica á documentación que serviu para a concesión da licenza.
- g) As obras axustaranse estritamente ao autorizado, calquera modificación que se realice sobre as obras autorizadas deberán ser obxecto da correspondente autorización municipal, previa á execución das mesmas.
- h) De conformidade co disposto no artigo 145 da Lei 2/2.016 de 10 de febreiro do solo de

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO
Número: 2019-0027 Data: 16/10/2019



Cod. Validación: [redacted] | Corrección: <http://cambados.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 5

Galicia e o artigo 359 do seu Regulamento de disciplina urbanística, os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras indícanse a continuación:

- Iniciación, dentro dos 3 meses seguintes ao outorgamento de la licenza
- Interrupción máxima de 3 meses, debendo comunicar por escrito ao Concello a súa interrupción e advertindo que con carácter excepcional e por unha soa vez outorgarase prorroga cando se xustifique que a interrupción obedece a motivos de forza maior.
- Finalización dentro do prazo de 24 meses seguintes ao outorgamento da licenza.

Ao obxecto de solicitar a prórroga da licenza de obras, esta deberá ser tramitada previa ou simultaneamente ante as administracións que outorgaron autorización.

En todo caso a edificación non poderá ser ocupada ata que as obras estean terminadas completamente, debendo solicitar no seu momento ao Concello a preceptiva Licenza de Primeira Ocupación ou utilización, anexando o Certificado de Final de Obra, expedido po los directores da mesma, así como si procede, a Acta de Recepción que se outorgase expresamente, ou acreditación da recepción tácita da obra, co fin de que se proceda á comprobación por parte dos servizos técnicos municipais.

- k) A conexión aos servizos municipais previamente a súa execución, deberá ser autorizada polo organismo titular do vial ao que da fronte a parcela, executando ditas obras de acordo coas características que indicadas polas empresas responsables de ditos servizos.

En caso de ocupar vía pública, deberá solicitar a correspondente autorización do organismo titular do vial.

- M) Deberase entregar conxuntamente coa documentación de final de obra para a obtención da Licenza de 1ª Ocupación o Certificado de Eficiencia enerxética de edificio terminado.

- N) Deberán cumprirse na execución das obras as determinacións establecidas polo Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula a produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia e as establecidas no Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción de residuos de construción e demolición.

INCLUSIÓN POR URXENCIA.- Expediente 4730/2018, Expediente 391/2018 e 4698/2019.-

Pola Sra. Alcadesa participaselle aos concelleiros membros que dada a necesidade de adoptar acordo en relación cos expedientes 4730/2018 (Proc. Abreviado nº 336/2018: "GALICIA ENTERTAINMENT, SRL"), 391/2018 (contrato de prestación de servizo de "Piscina climatizada e ximnasio municipal") e 4698/2019 (Festivos Locais 2020) que non foi posible incluílos dentro da orde do día da convocatoria, polo que interesa a súa inclusión por urxencia.

Sometido a votación, os membros da Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acordan ratificar a urxencia e na súa consecuencia proceden a tratar os asuntos indicados.

3.- Expediente 4730/2018. Proc. Abreviado nº 336/2018: "GALICIA ENTERTAINMENT, SRL"

Visto o contido do fallo da sentenza ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo Número Un de Pontevedra, en autos de Procedemento Abreviado Número 336/2.018-LO, tramitado a instancias da mercantil "GALICIA ENTERTAINMENT,



S.R.L.", en calidade de demandante, representada polo Procurador dos Tribunais, don Gabriel Santos Conde, e asistida polo Letrado, don René Recarey Negreira; contra o Concello de Cambados, en calidade de demandado, representado pola Procuradora dos Tribunais, dona Dolores Abella Otero, e asistido do Letrado municipal, don Rafael Riveiro Álvarez; que se pasa a transcribir de xeito literal: "**PARTE DISPOSITIVA:** *DESESTIMAR el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la entidad mercantil "Galicia Entertainment SRL" frente a la desestimación presunta de la reclamación indemnizatoria que presentó el 14 de octubre de 2017 en el Concello de Cambados por los perjuicios padecidos como consecuencia de la inadmisión de la comunicación previa que presentó en agosto del mismo año para desarrollar la actividad de venta de alimentos y bebidas en general en la parcela situada en la plaza Alfredo Brañas esquina con la calle Isabel II (expte. 4734/2018)".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda tomar razón do mencionado contido da resolución a cuxo efecto se dará traslado do presente acordo aos negociados de asesoría xurídica e urbanismo, aos efectos oportunos.

4.- Expediente 391/2018.- Proposta da Concellería delegada de obras e servizos de alzamento das suspensións acordadas no contrato de prestación de servizo de "Piscina climatizada e ximnasio municipal"

Vista a proposta asinada polo Concelleiro Delegado de Obras e Servizos, con data 01/10/2019, na que se recolle que a Xunta de Goberno Local do Concello de Cambados, en sesión celebrada o 26.01.2015 adxudicou o contrato de servizos de "Piscina climatizada e ximnasio municipal" á empresa Aquafit Gestion SL.

En sesións celebradas en datas de 31.01.2018 e 04.12.2018, a Xunta de Goberno Local, acorda suspensións no servizo motivadas na execución das obras de "Substitución da envolvente e actualización das instalacións da piscina climatizada no Complexo Polideportivo do Pombal" e "Obras de demolición e reconstrucción do bloque de vestiarios e instalacións anexas" por parte da Excmá Deputación Provincial, respectivamente.

Consta igualmente a execución das obras de "Instalación na piscina cuberta de O Pombal" de acordo coa Memoria Valorada redactada polo Arquitecto Técnico Municipal, necesarias para a nova posta en marcha da instalación.

Consta comunicación de reapertura á Consellería de Sanidade realizada o 03.09.2019 ao abeiro do Real Decreto 742/2013 do 27 de setembro polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios das piscinas.

Vista a Disposición Transitoria Primeira da LCSP que determina que os expedientes de contratación iniciados antes da entrada en vigor desta Lei rexiranse pola normativa anterior. A estes efectos entenderase que os expedientes de contratación han sido iniciados se se houbera publicado a correspondente convocatoria do procedemento de adxudicación do contrato.

Visto que as obras ás que se fai referencia foron executadas e recepcionadas e permiten poñer novamente en funcionamento a infraestructura obxecto das actuacións. Na súa consecuencia, a Xunta de Goberno Local, en uso das competencias atribuídas pola Disposición Adicional Segunda da LCSP delegadas na Xunta de Goberno Local de 08.07.2019, por unanimidade, **ACORDA:**

1. Alzar as suspensións acordadas no contrato de prestación de servizo de "Piscina climatizada e ximnasio municipal" con efectos de 01 de outubro de 2019.
2. Dar traslado da presente Resolución á empresa adxudicataria e aos servizos de

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2019-0027 Data: 16/10/2019



Cod. Validación: <http://cambados.sedelectronica.gal>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona espPublico | Páxina 4 a 5

Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.

5.- Expediente 4698/2019.- Festivos locais 2020.-

A Sra. Alcaldesa da conta da proposta de festivos para o ano 2020 que di:

"Vista a comunicación da Consellería de Economía, Emprego e Industria lembrando a necesidade de propoñer os festivos locais para o ano 2020 do Concello antes do vindeiro 15 de outubro, propónse ao Pleno a adopción do seguinte, ACORDO:

1. *Propoñer como festas locais para o ano 2020 no Concello de Cambados as seguintes datas:*

- 11 de xullo (San Benito)
- 18 de xullo (Santa Mariña)

2. *Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Emprego e Economía Social da Consellería de Economía, Emprego e Industria."*

O Sr. Cordal Rodríguez plantea como proposta alternativa, e ante a coincidencia dos festivos locais en sábado, manter o festivo local de San Benito (11 de xullo) e propoñer o Mércores de Cinza, como data alternativa.

Sometida a votación a proposta da Alcaldía apróbase por tres (3) votos a favor dos concelleiros integrados no grupo municipal do PsdeG-PSOE e dous (2) votos en contra dos concelleiros integrados no grupo municipal de Somos Cambados para a súa elevación ao Pleno municipal

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

